



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Ramón Boga Moscoso  
D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **NON ASISTEN:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día tres de setembro do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Ramón Boga Moscoso, D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Non asisten á sesión D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de agosto de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 27 de agosto de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Resolución de 21 de agosto de 2024, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde de 25 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a



prórroga na contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR351B). DOG número 165, do 28-08-2024.

- Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Resolución de 22 de agosto de 2024, pola que se publican os concellos beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde de 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para os anos 2024 e 2025, das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva. DOG número 169, do 03-09-2024.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **ÚNICA. PROPOSTA DE NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2B/2024"**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 30 de agosto de 2024 (CVD: 0oqvEAphv5jJ5hkFHTqe), que transcrita di:

#### **"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2024, acordou participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2b/2024" da Deputación da Coruña.

Visto que a Base 5.B.2.4 das reguladoras do dito plan provincial establece que:

#### **"Base 5.B.2.4 Certificación da Resolución ou do Acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes (ANEXO IX)**

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a Resolución ou Acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017."

Vistos os informes técnicos (ANEXO V das Bases) emitidos polo enxeñeiro de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, respecto dos investimentos que se relacionan:

Denominación do investimento	Data de emisión do informe	Código de verificación
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA MAZÁ M-3 DE A BARCALA (EXCEPTO ZONA 1.1.)	30.07.2024	CVD: 0eZvTpslkkQN8W171UW9
ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)	30.07.2024	CVD: 73GrpX/7Zo0tiD4N7rmN



En uso das atribucións que me confire a Disposición adicional segunda da Lei 9/2027, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e vista a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 584/2024, do 7 de maio, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2b/2024 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento de contrata do investimento co IVE incluído
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA MAZÁ M-3 DE A BARCALA (EXCEPTO ZONA 1.1.)	269.214,59 €
ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)	433.193,24 €

**Segundo.-** Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

### 1. PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA MAZÁ M-3 DE A BARCALA (EXCEPTO ZONA 1.1.)

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:

- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- O ámbito de actuación é de pequena amplitude.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alonxaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.
- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun so lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrencia, garantir o acceso real da PEME á licitación e a defensa da competencia.

### 2. ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:



- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- O ámbito de actuación é de pequena amplitude.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alonxaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.
- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun só lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrência, garantir o acceso real da PEME á licitación e a defensa da competencia.

**Terceiro.-** Dar traslado ao Departamento de Obras e Servizos para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 30 de agosto de 2024 (CVD: 0oqvEaphv5jJ5hkFHTqe), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 23 ao 29 de agosto de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 960/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1010/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
978/2024	23-08-2024	Conceder á funcionaria de carreira deste concello AMSE o anticipo de dúas mensualidades do seu haber líquido como así se establece no artigo 36.6 do acordo regulador, a devolver en catorce mensualidades, de acordo coa súa solicitude
979/2024	23-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 06.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, segundo o establecido no apartado 6.1) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 16.460,53

		euros a prol da Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro
980/2024	23-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 05.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester-Sigrás, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, segundo o establecido no apartado 7.1) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 21.873,07 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás
981/2024	23-08-2024	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 06.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022/2023, en relación ao pagamento da primeira e segunda achegas, segundo o establecido nos apartados 8.1) e 8.2) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe 28.820,00 euros a prol da ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
982/2024	23-08-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia, omisión e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo de todas as persoas nas datas que constan, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data do día 22 de agosto de 2024 correspondente ao período comprendido entre o 1 ao 30 de abril de 2024, isto en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
983/2024	23-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de agosto de 2024
984/2024	23-08-2024	Declarar o cese por xubilación voluntaria do funcionario de carreira MFFV con efectos do 23 de agosto do 2024, de conformidade cos artigos 67.2 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, 68.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 208 do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro
985/2024	26-08-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 11 de xullo de 2024, tendo en conta os informes emitidos polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 18.07.2024 pola coordinadora de actividades culturais e educativas en funcións con data 23.07.2024 e polo coordinador do servizo de emerxencia e protección civil en funcións

		con data 06.08.2024. Aprobar as facturas e gastos por importe de 17.740,51 euros
986/2024	26-08-2024	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2024, por importe de 696.552,33 euros
987/2024	26-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data do día 23 de agosto de 2024, correspondente ao período do mes de abril de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
988/2024	26-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de agosto de 2024
989/2024	26-08-2024	Delegar no concelleiro don Daniel Mallo Castro a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de JJJÁG e MELCh
990/2024	26-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 06.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, en relación ao pago da segunda e terceira achegas, segundo o establecido no punto 1º) da cláusula segunda do convenio logo da presentación da documentación que figura no apartado 8.2), 8.3) e 8.4) da cláusula primeira. Recoñecer e liquidar obrigas por importe 5.676,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.300,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple
991/2024	27-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 05.08.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, en relación ao pagamento da achega segundo o establecido no apartado 7º) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 18.211,91 euros a favor da Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López
992/2024	28-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas correspondente ao mes de maio de 2024, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data 27 de agosto de 2024, e en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o

		Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais maio 2024
993/2024	28-08-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 8 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MPMNdeF
994/2024	28-08-2024	Dar de alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia, omisión e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovar a inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e comprobar a residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo de todas as persoas no período comprendido entre o 1 ao 31 de maio de 2024, isto de conformidade co o informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data 27 de agosto de 2024, en virtude do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
995/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a TÁCR, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
996/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a JRM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
997/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AHEM e DAEM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
998/2024	28-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 2 de agosto de 2024. Aprobar a documentación xustificativa presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 9.4 do convenio asinado coa Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2022
999/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a FTK, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio,

		incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1000/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DAG, PGA, AMGA e IBGA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1001/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a RDFB, por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1002/2024	28-08-2024	Considerar desistido a AVS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 08/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1003/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a VDS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1004/2024	28-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a NGMT e SABS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1005/2024	29-08-2024	Aprobar a nómina mensual do mes de agosto do 2024 por un importe total retribucións brutas de 359.310,90 euros
1006/2024	29-08-2024	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no informe de fiscalización de carácter suspensivo de data 08.04.2024 tendo en conta o informe da coordinadora de servizos sociais de data 15.04.2024 e de data 10.06.2024. Aprobar a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de servizos sociais, presentada pola habilitada de pagamentos, correspondente ao período comprendido do 1 de outubro ao 29 de decembro de 2022, e recoñecer obrigas por importe de 9.539,17 euros
1007/2024	29-08-2024	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia e falecemento ás persoas correspondentes o período do mes de xuño de 2024, isto de conformidade co informe emitido pola encargada do Padrón municipal de habitantes de data do día 28 de agosto, e en virtude





		do establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1008/2024	29-08-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MQC
1009/2024	29-08-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 2 ao 10 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1010/2024	29-08-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a SdaPC, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo